



Amor de Dios
Fundación Educativa
María Inmaculada - Verín

Proyecto Educativo de Centro 2025-2026




PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

PRESENTACIÓN

O CPR Plurilingüe María Inmaculada, sito na vila de Verín, dá resposta a unha importante demanda educativa, por ser o único centro de toda a bisbarra que oferta tres etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

O noso Centro séntese comprometido en diálogo coa sociedade. Ante o gran cambio tecnolóxico e cultural que estamos a vivir, queremos ser unha escola innovadora, xeradora de valores, de igualdade, de democracia, e sobre todo, creadora de posibilidades de futuro.

O tema deste curso escolar é O LIDERADO e o lema “SON LÍDER”. O noso obxectivo será desenvolver unha lideranza auténtica na verdade, o ben e o amor. Será moi interesante traballar este tema co noso alumnado. Oxalá consigamos que o noso alumnado sexa líder, que exerza unha lideranza auténtica neses tres aspectos que tanto valoramos no Amor de Deus: a verdade, o ben e o amor.



“A túa verdade aumentará na medida que saibas escoitar a verdade dos outros “ (Martin Luther King)



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Neste curso 2025/26 seguiremos priorizando a calidade educativa e o traballo con ferramentas tecnolóxicas desenvolto dende o 2020, cunha modalidade de ensino-aprendizaxe que coida tanto o plano individual como o colectivo, adaptándonos a todas as circunstancias e necesidades presentes nunha sociedade tan diversa.

ESTILO EDUCATIVO

As liñas estratéxicas do noso proxecto educativo fundaméntase en:

- A implantación de modelos de innovación pedagóxica e didáctica.
- A creatividade, para posibilitar que o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe e lidere os seus propios proxectos.
- A multiculturalidade, aberta a distintas sensibilidades, crenzas e costumes, promovendo unha convivencia en paz e liberdade.
- Un estilo de liderado onde prima a cultura comunicativa e emocional con visión de futuro.
- En rede, o Colexio M^a Inmaculada é unha escola aberta ao novo, diversa, creativa e creadora de conciencia crítica.
- A Espiritualidade, que nos leva á madurez persoal, un compromiso social e cristián, fundamentado nos valores da congregación “Amor de Deus”.



*“A forza da virtude dun home non debe medirse polo
seus esforzos, senon polos seus actos habituais” Blaise Pascal*



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

METODOLOXÍA

Como metodoloxía pedagóxica, o noso centro ofrece desde os tres ata os dezaseis anos oportunidades de aprendizaxes diversas e promove a singularidade de cada alumno e alumna, grazas a:

- Unha das metodoloxías fundamentais é a aposta polo uso de ferramentas dixitais en todas as etapas educativas, como complemento esencial ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por outra banda, o Plan Dixital, que se inicia a partir do terceiro ciclo de Educación Primaria, promove o desenvolvemento dunha competencia dixital responsable, crítica e segura, con vistas a preparar o alumnado para os retos do futuro.
- A Aprendizaxe Baseada en Proxectos. Método polo cal o alumnado adquire coñecemento e destrezas investindo tempo na investigación, deseño e solución dun problema complexo, retador e auténtico na procura dun produto final baseado no seu desenvolvemento competencial.
- A Aprendizaxe Cooperativa con grupos estables: esta ferramenta complementa proxectos de innovación, considerados como competencia imprescindible que o noso alumnado necesitará tanto no seu futuro profesional e académico, como no momento presente.
- Metodoloxías transversais na educación en valores, desenvolvemento sostible, igualdade de xénero, de trato, non discriminación e prevención do acoso e ciberacoso.



“O meu lema: Farei o maior ben posible, mesmo con sacrificio” (Sor Rocío)



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

COMUNIDADE EDUCATIVA

Para acadar os obxectivos que pretendemos é imprescindible un sistema de corresponsabilidade.

Esta Comunidade constitúese pola interacción de alumnos e alumnas, nais e pais, profesores e profesoras e o persoal de servizos.


- AS ALUMNAS E OS ALUMNOS son o cerne e elemento principal da institución educativa, e ademais suxeitos axentes da súa propia educación. A Escola ábrelles as canles axeitadas á súa participación, segundo as súas capacidades e o nivel de madureza.
- OS PAIS E NAIS son os primeiros responsables da educación das súas fillas e fillos, polo que están chamados a unha participación activa na organización, planificación e desenvolvemento do proceso educativo, a través das canles que lles son propias.
- AS PROFESORAS E PROFESORES, organizados segundo cumpra, son peza clave da Comunidade escolar. Son os dialogantes permanentes e mediadores culturais co alumnado dende o campo da ciencia, a experiencia, o testemuño de vida e a relación de compromiso e proximidade.
- O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS son parte da Comunidade Educativa cos dereitos e obrigas que lles son propios, e colaboran no desenvolvemento do proceso educativo coa realización das tarefas do seu ámbito.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

OBXECTIVO XERAL

DESENVOLVER UN LIDERAZGO AUTÉNTICO NA VERDADE, NO BEN E NO AMOR.



“O amor ten a capacidade máxica de transformar as persoas”

(Javier Rodríguez Molowny)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1.- DIMENSIÓN INDIVIDUAL:

- Promover hábitos de saúde, hixiene, orde e seguridade de forma motivadora, posibilitando unha maior autonomía.
- Traballar como ser líder na verdade , no ben e no amor, tendo sempre como referente o noso pai fundador.
- Fomentar a adquisición de hábitos de traballo, de técnicas de investigación e do manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación, para avanzar no propio coñecemento.
- Educar no axeitado uso das redes sociais como elemento de interacción e construción de contidos.
- Educar a mente para que o alumnado sexa dono dos seus pensamentos, emocións e aprendan a valorar a vida.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- Aprender a buscar momentos de silencio e reflexión para o seu propio beneficio.

2.- DIMENSIÓN SOCIAL:

- Inculcar o respecto polas normas de convivencia e o seu cumprimento en todos os ámbitos da vida.
- Potenciar as habilidades sociais e actitudes de coidado responsable dos bens comúns e da contorna natural.
- Traballar unidos: escola, familia e parroquia na educación da fe e a acollida.
- Fomentar o compañeirismo e o respecto para medrar como persoas na sociedade multicultural na que vivimos.

3.- DIMENSIÓN CRISTIÁ:

- Coidar de un mesmo, aprender a querer e a quererse.
- Promover a unión e a solidariedade na nosa contorna, prestando atención especial ás necesidades actuais.
- Descubrir a Xesús de Nazaret no Evanxeo, e deixarnos sorprender pola súa historia.
- Evanxelizarmos cos valores que nos legou o noso Fundador, Jerónimo de Usera.



“Fai algo marabilloso, a xente vai a imitarte”. (Albert Schweitzer)



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

HORARIO DE TUTORÍAS

EDUCACIÓN INFANTIL		
Cristina Salgado	Martes	15:45 – 16:45
Yolanda	Martes	15:45 – 16:45
Manoli	Martes	14:45 – 15:30
Jonatás	Martes	15:45 – 16:45
Estefanía	Martes	15:45 – 16:45
Daniel	Martes	15:45 – 16:45

EDUCACIÓN PRIMARIA		
Berta Sarria	Martes	15:45 – 16:45
Carolina	Martes	15:45 – 16:45
Cristina Iglesias	Martes	15:45 – 16:45
Raquel Couto	Martes	15:45 – 16:45
Mariví	Martes	15:45 – 16:45
Maribel	Martes	15:45 – 16:45
Andrés	Martes	15:45 – 16:45
Sonia Álvarez	Martes	15:45 – 16:45
Lorena	Martes	15:45 – 16:45
Jesús	Martes	15:45 – 16:45
Judith Salgado	Martes	15:45 – 16:45
Roberto González	Martes	15:45 – 16:45



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Manolo Cid	Martes	15:45 – 16:45
Alfonso	Martes	15:45 – 16:45
Aitor	Martes	15:45 – 16:45
Antonio	Martes	15:45 – 16:45
Pilar Balvís	Martes	15:45 – 16:45

EDUCACIÓN SECUNDARIA (ESO)		
Lidia Ruiz	Martes	15:45 – 16:45
Berta Hernández	Martes	10:30 – 11:15
Aurora Otero	Xoves	09:35 – 10:25
Sandra	Luns	08:50 – 09:35
Olalla	Luns	13:15 - 14:05
Montse	Martes	12:25 - 13:15
Moncho	Martes	10:25 - 11:15
Luis	Xoves	09.35 - 10.25
Manolo Estévez	Luns	15.45 - 16.35
Loida	Martes	13:15 - 14:05
Kiko Calviño	Martes	11:35 - 12:25
Paco	Martes	12:25 - 13:15
Flor	Martes	09:35 - 10:25
Silvia	Martes	12:25 -13:15
Pilar Pérez	Martes	15:45 a 16:45



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

DIRECCIÓN	
Luns	11:35 – 14:05
Mércores	9:00 – 11:00
Xoves - Venres	11:35 – 14:05

ADMINISTRACIÓN	
Luns	10:00 – 14:00
Martes	10:00 – 14:00
Mércores	10:00 – 14:00
Xoves	10:00 – 14:00
Venres	10:00 – 11:00

SECRETARÍA	
Luns	12:20 – 13:10
Mércores	9:00 – 13:10
Xoves	9:00 – 10:00
	11:00 – 11:50
Venres	9:00 – 11:00
	13:10 – 14:00



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

DEPARTAMENTOS

DEPARTAMENTO DE PASTORAL

Obxectivo xeral

A Escola Amor de Deus escoita e dá unha resposta educativa e evanxélica ás necesidades reais de todos os seus membros, fomentando a intelixencia espiritual como base da aprendizaxe.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Obxectivo xeral

Orientar o alumnado na vida e para a vida, partindo do seu contexto e tendo en conta as súas características e expectativas de futuro, impulsando unha aprendizaxe funcional e camiñando cara ao desenvolvemento integral da persoa atendendo á súa diversidade.

DEPARTAMENTO DE LETRAS

Obxectivo xeral

Fomentar e coordinar a acción educativa encamiñada a desenvolver a capacidade do alumnado para coñecer, comprender, valorar e empregar as distintas linguas como medio de crecemento persoal e social.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

Obxectivo xeral

Desenvolver no alumnado as capacidades de pensar, razoar, observar, experimentar e deducir hipóteses sobre feitos e fenómenos do contorno a través de técnicas instrumentais de estudo e de traballo para poder interactuar no medio natural, social e cultural.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

Obxectivo xeral

Potenciar e desenvolver as capacidades artísticas, musicais e plásticas, en toda a etapa educativa para acadar o desenvolvemento das mesmas. Procuramos potenciar o aprecio de distintas manifestacións culturais propias e alleas para o enriquecemento persoal do alumnado e espertar a súa sensibilidade.

DEPARTAMENTO INGLÉS:

Obxectivo xeral

Dende o departamento de Inglés pretendemos fomentar o uso do inglés entre os nosos alumnos e alumnas conscientes da necesidade de ampliar os seus coñecementos co fin de acadar as esixencias da sociedade actual e da futura.

Dende hai xa algúns anos o Colexio María Inmaculada de Verín é un centro plurilingüe, é dicir, un centro no que se imparten áreas ou materias non lingüísticas nunha lingua estranxeira, neste caso o inglés. Deste xeito preténdese que o inglés non sexa só obxecto de estudo senón vehículo de ensino de áreas como a Educación Artística.

NORMAS DE CONVIVENCIA

O respecto á liberdade así como á calidade da educación, esixe na comunidade escolar un criterio de compromiso interpersoal e intergrupar que hai que manter se queremos que se afirmen os principios e valores que sosteñen á escola.

1. REFERENTES AO COMPORTAMENTO PERSOAL

- Asistir puntualmente ás clases e ás actividades escolares, en horario de entrada e saída e mesmo na finalización dos recreos e non ausentarse do Centro sen autorización expresa do profesorado responsable.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- Manter un comportamento axeitado e un trato respectuoso cara a todos os membros da comunidade educativa, tanto na aula como no resto das dependencias do centro, empregando sempre un vocabulario correcto e cordial.
- Responsabilizarse dos traballos e encargos que se lle encomendan, así como de levar o material preciso. Todo alumno/a que se negue a entregar calquera tipo de traballo será avaliado negativamente.
- Non interromper as clases sen motivos xustificados nin levar ás aulas obxectos que distraian a atención (videoxogos, xoguetes, cromos, etc..)
- Durante as probas non poden ter ningún dispositivo electrónico (móbil, reloxo dixital, auriculares, etc.); está prohibido o móbil no centro escolar e facer uso indebido de calquera destes dispositivos(fotos, gravacións, envío de mensaxes...) agás nos casos nos que se poidan empregar como material pedagóxico (móbil, chromebook) baixo a supervisión e responsabilidade do profesorado encargado..
- Está totalmente prohibido o tráfico e consumo de tabaco, ou calquera outra substancia nociva.
- O alumnado asistirá ao Colexio debidamente aseados e coa vestimenta adecuada para cada situación e uniformidade debida - indumentaria deportiva- (chándal, camiseta, pantalón curto...normalizado da Fundación Educativa Amor de Dios) nos momentos que se indiquen, e, en calquera caso, gardando o debido decoro.
- Devolver os boletíns de información debidamente asinados polos pais ou nais.
- As faltas de asistencia ás clases ou outras actividades organizadas polo centro en horario lectivo deberán ser xustificadas polas familias ou tutores/as legais do alumnado. A xustificación realizarase unicamente por dúas vías: a través da plataforma Educamos ou mediante a entrega ao titor ou titora do modelo de xustificante oficial proporcionado polo centro. O alumnado disporá dun prazo máximo de tres días lectivos desde a súa reincorporación ás clases para presentar a xustificación correspondente.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

2. REFERENTES AOS SEUS COMPAÑEIRO/AS.

- Tratar con respecto e deferencia aos seus compañeiros evitando todo tipo de agresións tanto físicas coma verbais ou xogos perigosos ou violentos.
- Respetar todas as pertenzas dos demais.
- Colaborar cos compañeiros e compañeiras nas actividades escolares.

3. REFERENTE AOS PROFESORES E PROFESORAS.

- Ter un trato respectuoso e deferente con profesores e profesoras.
- Realizar as tarefas e actividades que lles asignan.
- Prestarse ao diálogo para esclarecer as cuestións que se presenten na vida do Centro.

4. REFERENTES AO PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- Respectalos sempre que se dirixan a eles por algún motivo.
- Colaborar para facerlles máis doado o seu labor, sempre que sexa posible.
- Recoñecer e valorar o traballo que realizan.

5. REFERENTES AO CENTRO.

- Facer bo uso do edificio, instalacións, mobiliario, material escolar e deportivo, ou calquera outro recurso. Todo uso indebido que produza algún dano implicará necesariamente o seu amaño ou reposición a cargo do causante do mesmo.
- Coidar de que a clase, corredores, servizos e demais dependencias se manteñan limpos e ordenados.
- Participar, de acordo coa normativa vixente, na organización do Centro.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

6. EN XERAL

- O Centro non se fai responsable dos obxectos de valor que o alumnado leve ao colexio ou ás excursións (móviles, videoxogos, cámaras de fotos...)
- Queda prohibido facer fotografías ou calquera tipo de gravacións en todo o recinto escolar salvo no caso en que o profesorado responsable o autorice.
- Non se repartirán nas clases invitacións nin bolsas de lambetadas.
- Os dereitos dos alumnos e alumnas á escolaridade e avaliación correspondente, esixe dos mesmos asistencia puntual a clase e actividades escolares.
- As visitas a profesores e profesoras realizaranse na hora indicada neste documento ou, en caso de necesidade, previo concerto con cada un deles; polo que os pais e nais ou outras persoas evitarán acceder ás dependencias do colexio durante o horario escolar.
- Queda prohibida a circulación en bicicleta, en moto ou en monopatín en calquera parte do recinto do Colexio. Así mesmo non poderán ser subidos ás aulas.
- Queda prohibido, por razóns de hixiene, o consumo de “pipas” e “goma de mascar” en calquera recinto do colexio.
- Por seguridade, os alumnos/as de E. Infantil non deben subir as escaleiras con mochilas de rodas.
- Todo o profesorado do Colexio ten autoridade, pola súa condición, para velar polo cumprimento da norma por parte do alumnado en todos os recintos do Centro.

OBSERVANDO O CUMPRIMENTO DESTA NORMATIVA SERANOS MÁIS DOADO:

ADOPTAR UNHA ACTITUDE DE DIÁLOGO.

REALIZAR UN TRABALLO SERIO.

CONSEGUIR UNHA CONVIVENCIA AGRADABLE.

ACADAR OS NOSOS OBXECTIVOS.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



DATAS A TER EN CONTA

Setembro Día 8: Inicio das clases (EI, EP, ESO) *Reunións iniciais *Avaliacións iniciais	Outubro Días 13 - 19: Semana do Domund Día 30: Samaín Día 31: Día do Ensino (non lectivo)	Novembro Día 3: Non lectivo Día 4: Interavaliación ESO. Día 21: Festa colexial da “Nena María”. Día 25: Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller.
Decembro Día 8: Inmaculada (Non lectivo) Día 10: Día dos Dereitos Humanos Día 16: 1ª Avaliación ESO Días 18 - 19: Celebracións de Nadal Día 19: Entrega de notas EI,	Xaneiro Día 8: Inicio das clases Día 30: Día da Paz	Febreiro Día 6: Xexún voluntario Do 13-18: Entroido Día 24: Día de Rosalía de Castro.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

EP e ESO. Vacacións de Nadal		
Marzo Día 8: Día Internacional da Muller Día 19: San Xosé (Día non lectivo) Día 24: 2º Avaliación ESO Do 27 ao 6 Abril: Vacacións Semana Santa	Abril Día 7: Comezo das clases Do 20-24: Semana do libro Día 27: Festa Colexial; Día do Padre Usera	Maio Día 1: Día do traballador (Non lectivo) Día 4: Non lectivo Día 5: Interavaliación ESO Día 15: Celebración do Día das Letras Galegas
Xuño Día 12: Graduación ESO Día 13: Graduación Ed. Infantil / Festa Misional. Día 19: Vacacións fin de curso. Desde o luns 22: Sesións de Avaliacións EI, EP e ESO Día 25: Entrega de notas. Día 26-27: Período de reclamacións.		



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CONSELLO ESCOLAR

O Consello escolar é o órgano de goberno colexiado representativo da Comunidade Educativa exerce as súas funcións no respecto aos dereitos dos alumnos e alumnas, nais e pais, profesores e profesoras, persoal de administración e servizos e da institución titular de acordo coa lexislación vixente.

COMPOSICIÓN		
O DIRECTOR	Que o convoca e preside	<i>José Manuel Estévez</i>
REPRESENTANTES DA TITULARIEDADE	Designados pola Institución Titular	<i>Gerarda Fidalgo</i> <i>M^a José Alonso</i> <i>Roberto González</i>
REPRESENTANTE DO PROFESORADO	Elixidos polo claustro en votación secreta.	<i>Francisco Calviño</i> <i>Cristina Salgado</i> <i>Sonia Vila</i> <i>Aitor Álvarez</i>
REPRESENTANTES DE PAIS E NAIS	Tres elixidos en votación secreta polos pais e nais e un designado pola xunta directiva da ANPA.	<i>Elena Tourón</i> <i>Diana García</i> <i>Sonia Arias</i> <i>Rosa Fernández</i>
REPRESENTANTE DE ALUMNOS/AS	Elixidos en votación secreta polos alumnos/as da E.S.O	<i>Cecilia Morais</i> <i>Jorge Fernández</i>
REPRESENTANTE DO PAS	Elixido en votación secreta polo persoal do PAS	<i>Pilar Pérez Bouzas</i>



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS

A asociación de pais e nais de alumnos e alumnas réxese polos seus propios estatutos aprobados pola autoridade competente. Pertencen a ela todos os pais e nais que así o desexan, e a súa colaboración na acción educativa terá de ser máxima.

<u>COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA</u>	
PRESIDENTE/A	Vanessa Blanco
VICEPRESIDENTE/A	Clara González
SECRETARIO/A	Belén Parada
TESOREIRO/A	Susana Dos Santos
VOGAL	Beatriz Blanco Adegas
VOGAL	Nuria Rúa



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

PROTOCOLO DE ACTUACIONES ANTE REACCIONES ALÉRGICAS ALIMENTARIAS

O centro educativo dispón dun Protocolo de Actuación ante Reaccións Alérxicas Alimentarias, que ten como obxectivo principal a prevención, detección e actuación inmediata ante posibles reaccións alérxicas que poidan presentar os/as alumnos/as. Este protocolo foi deseñado en base ás normativas vixentes e está integrado na planificación diaria do centro, co propósito de protexer a saúde do alumnado con alerxias alimentarias, ofrecendo un entorno seguro e preparado.

Puntos clave do protocolo:

1. Identificación do alumnado con alerxias: En colaboración coas familias e o persoal sanitario, realízase un rexistro actualizado do alumnado con alerxias alimentarias.
2. Formación e sensibilización: Todo o persoal do centro (docente e non docente) recibe formación específica para coñecer os procedementos de actuación ante reaccións alérxicas, incluíndo o uso de autoinixectores de adrenalina e as medidas de primeiros auxilios.
3. Medidas preventivas: Nos espazos comúns e comedores escolares establécense medidas para previr o contacto con alérxenos alimentarios, como a supervisión de menús e a vixilancia constante durante as horas de comida.
4. Actuación ante emerxencia: Detállase un protocolo de actuación inmediata no caso de sospeita de reacción alérxica, que inclúe a administración de medicación de emerxencia se fose necesario, así como a activación dos servizos de emerxencia e o contacto inmediato coa familia.
5. Revisión e actualización: Este protocolo é revisado e actualizado anualmente para asegurar a súa eficacia e adecuación ás necesidades do alumnado e ás normativas actuais.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



“O amor de Deus que reine nos nosos corazóns” (Pai Usera)

